



Expediente núm.: 364/2015

Asunto: Convocatoria da Xunta de Goberno local

Acta da sesión: EXTRAORDINARIA E URXENTE

Día e hora da reunión: 30 de decembro de 2015, 13:30 HORAS.

Lugar de realización: DEPENDENCIAS DE ALCALDÍA

Asistentes: **ALCALDE: PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA, FERNANDO ALFREDO PENSADO BARBEIRA (CONCELLEIRO), VOGAL, MARÍA AURORA VILA AGRA (CONCELLEIRA), VOGAL, JOSÉ RAMÓN GARCÍA VÁZQUEZ (CONCELLEIRO), VOGAL; SECRETARIO-INTERVENTOR: IVAN PONTE MAHIA**

Ausentes:

Orde do día:

- 1 Aprobación, se procede, da urxencia da sesión extraordinaria e urxente
- 2 Exame e aprobación, se procede, da certificación número seis, da obra “proxecto modificado do básico e de execución da obra Centro de Día Residencial no concello de Palas de Rei”

ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

ASISTENTES:

ALCALDE: PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA

Tenentes de alcalde:

DON ERNANDO ALFREDO PENSADO BARBEIRA (CONCELLEIRO), VOGAL

DONA MARÍA AURORA VILA AGRA (CONCELLEIRA), VOGAL

DON JOSÉ RAMÓN GARCÍA VÁZQUEZ (CONCELLEIRO), VOGAL

SECRETARIO-INTERVENTOR: IVAN PONTE MAHIA

En Palas de Rei, ás 13:30 HORAS do día 30 de decembro de 2015, reúnense nas dependencias da alcaldía da casa consistorial, baixo a presidencia de ALCALDE, PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA, co obxecto de celebrar unha sesión SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE, os tenentes de alcalde membros da Xunta de Goberno local, DON FERNANDO ALFREDO PENSADO BARBEIRA (CONCELLEIRO), VOGAL, DONA MARÍA AURORA VILA AGRA (CONCELLEIRA), VOGAL, DON JOSÉ RAMÓN GARCÍA VÁZQUEZ (CONCELLEIRO), VOGAL, con SECRETARIO-INTERVENTOR do Concello, IVAN PONTE MAHIA, e en presenza de SECRETARIO-INTERVENTOR, IVAN PONTE MAHIA. Xa que asiste o quórum legal para a súa celebración, declarouse aberta a sesión pola Presidencia e procedeuse a examinar os asuntos incluídos na orde do día, que se desenvolveron como se expresa a continuación:

1 Aprobación, se procede, da urxencia da sesión extraordinaria e urxente

Xustifícase ou ratifícase a urxencia da convocatoria e celebración de sesión extraordinaria e urxente, polo curto prazo de tempo, antes do 31 de decembro de



2015, para xustificación da subvención solicitada ante a Consellería de Traballo e Besnestar da Xunta de Galicia, para a realización das obras de Centro de Día Residencial no Concello de Palas de Rei.

2 Exame e aprobación, se procede, da certificación número seis da obra “proxecto modificado do básico e de execución da obra Centro de Día Residencial no concello de Palas de Rei”

Vista e examinada a certificación número seis da obra de “proxecto modificado do básico e de execución da obra Centro de Día Residencial no concello de Palas de Rei”, redactada pola arquitecta, e directora facultativa da obra, María Alba López Barreiro, por un importe de 83.878,17 euros, e atopada conforme.

En uso das facultades que outorga a lexislación de réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº 205/2015, do 15 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2015, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO:

Primeiro. Prestar aprobación á certificación número seis da obra de “proxecto modificado do básico e de execución da obra Centro de Día Residencial no concello de Palas de Rei”, redactada pola arquitecta, e directora facultativa da obra, María Alba López Barreiro, por un importe de 83.878,17 euros, e atopada conforme.

Posto que non hai máis asuntos que tratar e se cumpre o obxecto do acto, PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA, ALCALDE, levanta a sesión ás TRECE HORAS E CORENTA MINUTOS, do que, como SECRETARIO-INTERVENTOR, dou fe.

SECRETARIO-INTERVENTOR,

V. e pr.
ALCALDE,

Asdo.: IVAN PONTE MAHIA

Asdo.: PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA